

## MÁIS RECURSOS MENOS RECORTES!

### MANIFESTO UNITARIO POLA DEFENSA DOS SERVIZOS PÚBLICOS

Os servizos públicos son a garantía da calidade democrática e da xustiza dun país. Son unha ferramenta para a equidade e a redistribución dos recursos. Os recortes e as mal chamadas políticas de austeridade, levan dúas décadas deteriorando a calidade dos servizos e precarizando as traballadoras e traballadores.

Esta situación no **ENSINO** ten consecuencias moi graves para a sociedade dun futuro non moi lonxano, de feito son os nenos e nenas con necesidades educativas especiais os que sofren de xeito moi drástico a falta de recursos para un ensino inclusivo de calidade, que debe asegurarse no sistema xeral ordinario con **APOIOS INDIVIDUALIZADOS**.

Precisamos unha **REDUCCIÓN DAS RATIOS** nas escolas e nos institutos. Precisamos **máis PROFESORADO e menos PANTALLAS** para garantir o dereito a unha educación **INCLUSIVA E DE CALIDADE** sobre todo, e con **MOITÍSIMA URXENCIA**, para as nenas e nenos que sofren problemas de saúde mental, casos que, aumentan desgraciadamente día a día con demasiada celeridade.

Polo tanto, o día de hoxe solicitamos e reivindicamos que a colaboración entre a consellería de Sanidade e educación para dotar do persoal necesario na área sanitaria de Vigo; persoal especializado e con formación en saúde mental infanto-xuvenil, así como a presenza e acceso de todos e todas as pacientes que o precisen, ás aulas hospitalarias, e que estas conten con persoal preciso de xeito estrutural, facilitando a educación domiciliaria de ser o caso. Incidindo tamén a efectos médicos, que na Área de Psiquiatría, a nosa mocidade sexa considerada infanto-xuvenil ata os 18 anos e incluso, en patoloxías máis severas, ata os 21 anos.

Por outra banda **nos SERVIZOS SOCIAIS** a situación é **LÍMITE**. A saturación e burocratización dos mesmos supón que as familias que máis o precisan teñan un acceso moi complicado a eles. A falta de profesionais págao a cidadanía. Unha cidade como Vigo que só conta con 17 traballadoras sociais cando debería ter 37 por poboación, incrementa a vulnerabilidade dos que máis o precisan. Non queremos un Vigo cheo de luces en Nadal, reclamamos unha cidade para estas familias, onde os periodos de espera ou de emisión de informes non superen un mes. Familias sen ingresos a piques de ser desafiuzadas ou a espera da Lei de Dependencia converténdose nas máis afectadas pola precariedade laboral. OS **DEREITOS** das familias e persoas en situación de pobreza deben ser a **PRIORIDADE** dos nosos gobernos. Non podemos esquecer nin mirar cara outro lado cando nesta cidade houbo 540 desafiuzamentos no ano 2024 e non se adxudicaron recursos habitacionais. Por todo isto e máis, o pobo galego, precisa situar no centro das políticas, ás familias e as persoas, para que poidan acceder aos **SERVIZOS PÚBLICOS** con garantía e seguridade.

**HOXE** reclamamos un investimento **PÚBLICO** en políticas **REAIS e EFECTIVAS** que doten de **RECURSOS HUMANOS OS SERVIZOS PÚBLICOS** cubrindo as necesidades básicas de todas as **FAMILIAS e PERSOAS** que precisan **AXUDA e ATENCIÓN URXENTE**.

Desde **FOANPAS, Plataforma Adolece, Foro socioeducativo Os Ninguéns, CUT, CIG Ensino, ADICOPUVI e STEG** convocámosvos á;

**MANIFESTACIÓN DO VINDEIRO 30 DE XANEIRO ÁS 19.00 h. NO CRUCE DE VÍA NORTE (VIGO)**

**Agardamos todo o voso apoio nesta loita!**

